

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDAN OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL OU AUTORIDADES MUNICIPAIS A INSTANCIA DE PARTE**

*Aprobación: 26/12/97 - B.O.P. 26/01/98*

*Modificación: 20/11/03 - B.O.P.: 24/03/04*

*Modificación: 22/07/04 - B.O.P.: 04/08/04*

*Modificación: 20/02/06 - B.O.P.: 05/04/06*

*Modificación: 18/12/06 - B.O.P.: 22/12/06*

*Modificación: 29/12/08 – B.O.P.: 30/12/08*

*Modificación: 30/04/14 – B.O.P.: 15/09/14*

### **Artigo 1. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUCIÓN (DEVENGO).**

Constitúe o feito impoñible desta taxa a actividade ou actuación da Administración Municipal e das súas autoridades con motivo da tramitación, a instancia de parte, de expedientes relacionados no artigo 5 deste texto.

### **Artigo 2.**

A obriga de contribuír nace no momento da presentación no Rexistro Xeral do Concello do escrito, petición ou documento á que fai referencia o artigo 5 deste texto.

### **Artigo 3. EXENCIÓNS.**

“Estarán exentos desta Taxa:

\* Os certificados de empadramento, convivencia, contribucións, e demais impostos ou taxas municipais, que sexan necesarios para achegar as solicitudes das seguintes prestacións:

- Emerxencia social
- Axudas para libros de texto
- Renda de Integración Social de Galicia (RISGA)
- Axuda no domicilio
- Renda de integración do menor

A estes efectos o Servizo de Asistencia Social expedirá ao solicitante un resguardo de que se está tramitando, ou de que se vai tramitar, o expediente de que se trate, o que se entregará no

momento de solicitar o certificado.

\* As solicitudes, actividades ou actuacións da Administración Municipal relativas ás probas selectivas de persoal non derivados da oferta de emprego público.

\* Os certificados requiridos por mandamento xudicial.”

#### **Artigo 4. SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos destas taxas as persoas naturais ou xurídicas que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunden os documentos que se expidan ou de que entenda a Administración Municipal ou as autoridades municipais.

#### **Artigo 5. BASE E COTA TRIBUTARIA.**

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos a tramitar conforme á seguinte tarifa:

##### *1) Certificados e informes relativos ao Padrón de Habitantes:*

- a) De ata 5 anos de antigüidade ..... 1,63 €.
- b) Superior a cinco anos ..... 2,42 €.
- c) Relativo ao número de habitantes dunha sección ou distrito, clasificados polos diversos parámetros: idade, sexo, nivel de instrución, etc.:  
Por cada distrito ou sección e parámetro ..... 4,00 €.
- d) Relativo ao total de habitantes do Concello, referente a todas as seccións e distritos, e clasificado por parámetros:  
Por cada parámetro.....7,99 €.

##### *2) Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:*

- a) De ata 3 anos de antigüidade, por un folio ..... 7,99 €.
- b) Por cada folio e ano máis ..... 0,73 €.

##### *3) Restantes certificados:*

- a) De ata 3 anos de antigüidade, por un folio ..... 2,42 €.
- b) Por cada folio e ano máis ..... 1,63 €.

##### *4) Copias de planos oficiais:*

- a) Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente:
  - DIN A-4 ..... 1,63 €.

Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expidan ou de que entenda a administración municipal ou autoridades municipais a instancia de parte

- DIN A-3 ..... 2,42 €.
- b) Copia de planos oficiais de planeamento non vixente:
  - De ata tres anos de antigüidade aplicarase o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).
  - Por cada ano máis de antigüidade incrementarase a tarifa desde epígrafe 4.b)  
por cada plano ..... 1,63 €.
- c) Copia en CD-ROM de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente.  
Por cada CD-ROM: 1,18 €.
- 5) *Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:*
  - a) De ata 3 anos de antigüidade, por un plano .....7,99 €.
  - b) Por cada ano e plano a máis..... 1,63 €.
- 6) *Verificación de poderes,*  
Por cada un ..... 7,99 €.
- 7) *Fotocopias de documentos achegados polos interesados.*  
Por cada folla .....0,07 €.
- 8) *Fotocopias de Ordenanzas e Regulamentos.*  
Por cada exemplar ..... 4,00 €.
- 9) *Solicitud para tomar parte no procedemento para selección e promoción de persoal:*
  - a) Por cada unha dos grupos A e B ..... 23,89 €.
  - b) Por cada unha dos grupos C, D e E ..... 15,95 €.
- 10) *Informacións urbanísticas* .....11,94 €.
- 11) *Cédulas urbanísticas* ..... 39,78 €.
- 12) *Compulsa de documentos (excepto aqueles que sexan necesarios para expedientes a tramitar pola propia Administración Municipal)*  
Por cada unha ..... 0,79 €.
- 13) *Impresos a cubrir polos cidadáns* ..... s/custo
- 14) a) Expedición de esbozos ou deseños realizados  
pola policía ..... 7,99 €.  
b) Informes policiais de particulares ..... 4,00 €.
- 15) *Certificados relativos a recadación de tributos:*
  - a) Por recibo tributario ata tres anos de antigüidade .....4,00 €.

Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expidan ou de que entenda a administración municipal ou autoridades municipais a instancia de parte

- b) Por cada recibo e ano que supere os tres anos de antigüidade un recargo de ..... 0,79 €
- 16) Por cada comunicación previa para o cambio de titularidade de licenzas de obra ou actividades: 220,00 €.

Á edición completa das Ordenanzas fiscais, urbanísticas ou documentación relativa a planeamento urbanístico, así como calquera outra publicación do Concello, aplicaráselle a tarifa que resulte de cubrir o custe da edición que se xustificará diante da Intervención de Fondos.

Na expedición de documentos a favor de investigadores, estudantes ou asociacións non gobernamentais sen afán de lucro, unha vez acreditado o interese, investigación ou estudo a realizar, reduciranse as tarifas anteriores nun 75 %.

#### **Artigo 6. INGRESO.**

No momento da entrega do escrito ou solicitude no Rexistro Xeral do Concello aboarase a taxa correspondente, servindo de xustificante de pago o estampado mecánico do importe no escrito de solicitude.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.